

PLAN DIXITAL

IES Audiovisual de Vigo



[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Audiovisual de Vigo, está situado no barrio de Bouzas, na cidade de Vigo e conta coa particularidade que só se imparten ciclos formativos da familia profesional de Comunicación, Imaxe e Son.

A súa oferta formativa é a seguinte

- CS Son para Audiovisuais e Espectáculos
- CS Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos
- CS Producción de Audiovisuais e Espectáculos
- CS Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe
- CM Video, DJ e Son
- Curso de especialización de Audiodescripción e Subtitulación

Actualmente conta con máis de 400 alumnos e 32 profesores nas diferentes modalidades que imparte o centro e que van dende ordinario, modular, dual e distancia.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O IES Audiovisual de Vigo é un centro de carácter urbano e público situado nua zoa marítima con proxección de crecemento demográfico. A zona, anteriormente pobo aledaño ao Concello de Vigo, sitúase na actualidade coma un barrio da cidade en auxe económico e residencial, dotado de centros de interés coma o Museo do Mar, O Centro de Investigacións Mariñas, CSIC ou o seu porto naval e central de astaleiros. Con todo iso, segue mantendo a estrutura socioeconómica

dunha parroquia ou barrio galego (pequenas tendas, mercado, festas patronais, feiras...)

- O Plan Dixital do centro é un instrumento que debe favorecer e promover o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co fin último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado, por iso se debe incluír no Proxecto Ecuativo. É fundamental dotar ao Plan Dixital dun foco central no uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, para que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que aporte coherencia e orientación ó uso das tecnoloxías.
- A contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23 é poder dotar dun ordenador por alumno en cada aula do centro e a incorporación dunha pantalla interactiva 4K de 75" ou máis a cada aula do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro contextualízase na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O grupo de traballo para a elaboración do plan dixital está formado por Miguel Anxo Fernández Riveiro (director do IES Audiovisual de Vigo), José Manuel Díez Rivera (xefe do departamento de imaxe e son), Ignacio Lomba Martínez (docente) e José Ángel Alén Amil (docente).

Como equipo de apoio dixital (ADIX) e coa función de asesoramento do deseño e elaboración do plan dixital foron asignadas por parte da rede DixitalGal como persoas mentoras José Benito Cividanes Alonso, Jorge Cobelas Sobrino e José Emilio Gómez Fernández. Sendo finalmente José Benito Cividanes Alonso quen contactou co grupo de traballo e realizou a función de mentor a través de varias reunións presenciais e videoconferencias mantidas co grupo de traballo.

Para o desenvolvemento do plan dixital o grupo de traballo mantivo diversas reunións nas que se decidiron e trataron os seguintes aspectos:

- Reunión do 21 de novembro de 2021: envío das ligazóns das enquisas Selfie ao persoal do centro (docentes e alumnado).
- Reunión do 17 de decembro de 2021: recollida do informe de resultados Selfie e preanálisis dos datos recollidos.
- Reunión do 23 de febreiro de 2022: realización do test CDD e chamamento á participación do profesorado.
- Reunión do 9 de marzo de 2022: reunión con José Benito Cividanes para a formación destinada á creación do DAFO.
- Reunión do 5 de abril de 2022: análise do informa Selfie, análise do test CDD e elaboración do DAFO.
- Reunión do 19 de abril de 2022: redacción do plan de acción a partir dos obxectivos propostos para o centro
- Reunión do 13 de maio de 2022: concreción dos obxectivos e elaboración das táboas destes.
- Reunión do 20 de maio de 2022: desenvolvemento e maquetación dos contidos do plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Respecto das infraestruturas dixitais de conectividade do centro indicar que as aulas, despachos e salas para profesorado dispoñen de conectividade a través de cable de rede, estando os equipos informáticos de profesorado e alumnado conectados a un Switch ethernet disposto en cada un destes espazos.

Distribuídos ao longo do centro atópanse diversos puntos de acceso WIFI que unidos ás conexións ethernet son concentrados e dirixidos para ofrecer a conectividade a Internet.

Respecto ao equipamento informático as diferentes aulas do IES están equipadas cada unha con 11 computadores (CPU, teclado, rato e monitor) distribuídos da seguinte maneira:

PCs de distintas características

- CS Son para Audiovisuais e Espectáculos
- CS Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos
- CS Producción de Audiovisuais e Espectáculos
- CM Vídeo, DJ e Son
- Curso de especialización de Audiodescrición e Subtitulación

Apple (iMAC)

- CS Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe

O profesorado conta cun computador en cada aula composto por monitor, CPU, teclado, rato, monitor, micrófono e webcam, conectado este equipamento a un proxector e a altosfalantes auto amplificados.

A biblioteca, despachos e salas de profesorado dispoñen tamén de equipos informáticos, na súa maioría PCs.

As cabinas de montaxe, de son, estudos de gravación, control de realización, control de son, radio, etc. teñen instalados computadores con características adaptadas ao desempeño das tarefas específicas de cada un destes espazos e nos que se atopan dispositivos como:

- Cámaras de televisión e vídeo
- Mesas de mestura de son
- CCU (control de imaxe)

- Mesturadores de vídeo
- Mesas de luces DMX
- Microfonía
- ...

Indicar que o alumnado conta coa posibilidade de utilizar ultra portátiles cedidos polo IES en condición de préstamo.

En canto ao software empregado no centro, destacar as licenzas de programas de edición de vídeo, fotografía, son e ofimáticas instaladas nos equipos:

- Suite de Adobe
- Davinci Resolve
- Ableton
- Resolume
- Pro Tools
- Libre Office
- Microsoft Office
- ...

O IES Audiovisual de Vigo conta con páxina web (<https://iesaudiovisualvigo.es/>) na que ofrece acceso á aula virtual ademais de información do centro (oferta formativa, instalacións, organigrama, etc.) e a ligazón a documentación relevante:

Proxecto Educativo do Centro

<https://iesaudiovisualvigo.es/wp-content/uploads/2021/01/PROXECTO-EDUCATIVO-E-AV.pdf>

Programación Xeral Anual

https://iesaudiovisualvigo.es/wp-content/uploads/2021/12/PXA-2021_22-aprobada-en-Claustro-e-CE.pdf

Finalmente, a web do IES Audiovisual de Vigo permite a través dunha ligazón o acceso a unha aplicación online, aínda que nestes momentos en proceso de reconstrución, mediante a cal se xestiona o préstamo de material e petición de espazos dispoñibles para o alumnado e profesorado.

Esta aplicación permite á súa vez xestionar o mantemento e inventariado do equipamento técnico dispoñible para os ciclos impartidos no IES.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.1 Autoavaliación SELFIE

Na seguinte táboa amósanse a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.7
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.6
	Alumnado	2.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	3
	Alumnado	3.2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3
	Alumnado	3.2

2.2.2. Test CDD

Amósase a continuación o recollido na táboa 1.3. do informe grupal do TestCDD de centro en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD. Tamén se reflicte a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 en relación á

puntuación e o nivel de competencia do centro e á distribución do profesorado por niveis:

- *Test CDD (táboa 1.3): Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>4</u>	<u>12</u>	<u>33.3%</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>10</u>	<u>30%</u>
INTERINO	<u>5</u>	<u>10</u>	<u>50%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>10</u>	<u>0%</u>

- *Test CDD (táboa 2.1.): Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>97.8</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>76.4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

- *Test CDD (táboa 2.2.): Puntuación e nivel de competencia por etapas*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P. <u>97.8</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>80.3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

- *Test CDD (táboa 2.3.): Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1 (Principiante)	<u>1</u>	<u>8.3%</u>
A2 (Explorador/a)	<u>3</u>	<u>25%</u>
B1 (Integrador/a)	<u>2</u>	<u>16.7%</u>
B2 (Experto/a)	<u>4</u>	<u>33.3%</u>
C2 (Pioneiro/a)	<u>2</u>	<u>16.7%</u>
TOTAL	<u>12</u>	<u>100%</u>

2.2.3 Outras fontes

Tamén se empregan como fontes para a elaboración da análise DAFO debates do grupo de traballo e conversas informais con profesorado do centro.

Destas fontes extraemos dúas informacións relevantes:

1. Os ordenadores das aulas resultan insuficientes para a realización tanto de tarefas prácticas que requiren o emprego de **softwares específicos de imaxe e son** como de tarefas a través da **aula virtual**, obrigando en moitos casos aos alumnos a traballar por parellas ou ben por turnos, aspectos ambos que entorpecen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
2. A proxección de imaxes na aula para amosar produtos audiovisuais, presentacións ou outros realízase agora mesmo a través de proxectores de vídeo de baixa calidade, obrigando ademáis a pechar persianas nas aulas para obter unha visibilidade mínima da proxección. Isto impide amosar as características das producións profesionais minorizando o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, do Test CDD e outras fontes, xenerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Nas dúas seguintes táboas preséntase a análise DAFO xenerada:

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		<ul style="list-style-type: none"> · Non contan cun ordenador para cada alumno. · Non contan con pantalla de proxección de alta definición nin interactiva. · Falta de seguridade nas comunicacións e nos datos dixitais. · Esfuerzo económico e humano na actualización e mantemento de equipamento tecnolóxico.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado está moi a favor do uso das novas tecnoloxías	
	PERSOAL NON DOCENTE		Non cualificado en tecnoloxía audiovisual
	ALUMNADO	Motivado para o uso das novas tecnoloxías.	Falta de recursos tecnolóxicos actualizados
	FAMILIAS		Baixo nivel adquisitivo das familias.
	OFERTA		· Oferta formativa incompleta dentro da Familia de Imaxe e Son (falta o ciclo de Animación 3D).
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Predisposición do centro para o manexo das últimas tecnoloxías.	
	CONTORNA	Implicación de entidades privadas da cidade na organización de actividades no noso centro.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> · Novos métodos de aprendizaxe. · Favorece a implementación da lexislación con formación e asesoría. 	· Carga horaria.
	LEXISLACIÓN	Favorece a creación do Plan Dixital do Centro	Exceso de carga burocrática.
	CONTORNA	O Centro ten boa imaxe na cidade.	A crise económica global.
	ERASMUS	Facilita a mobilidade de profesorado e alumnado.	
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con outros centros públicos na realización de prácticas conxuntas.	Existencia de centros de educación privados na mesma cidade máis punteiros.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizado o DAFO e tras analizar o apartado de debilidades, detéctanse unha serie de carencias relacionadas coa falta de equipamento informático nas aulas, por unha banda, a que concerne ao número de equipos dispoñibles para o alumnado e por outra á calidade das imaxes proxectadas e a imposibilidade de interactuar cos contidos que estas mostran.

O centro dispón de 11 computadores por cada unha das 10 aulas nas que se imparte docencia, co que partimos dun indicador que determina que o 50% do alumnado non ten un equipo dispoñible para uso individual.

Debido ao carácter específico dos ciclos impartidos no IES, nos que se require para a realización de traballos técnicos e de carácter artístico un computador por cada alumna/o en tarefas relacionadas coa imaxe, fotografía, vídeo, son, multimedia, etc., e ademais tendo estes equipos que reunir unhas especificacións mínimas que permitan manexar e procesar cálculos (software) complexos e grandes volumes de datos, consideramos necesario dotar ao centro de computadores específicos para imaxe e son que eleven ao 100% o cociente ordenador/alumnado. Este obxectivo figura detallado como obxectivo 1 nas táboas do apartado 3.2.

Doutra banda, os proxectores utilizados para mostrar contidos didácticos, multimedia, traballos do alumnado, etc. non reúnen as características mínimas de calidade (resolución, lúmenes, contraste, nitidez) e non posibilitan a interacción cos contidos mostrados nas pantallas.

Partimos neste caso dun indicador de 0%, xa que non contamos no IES con ningún dispositivo destas características, polo que consideramos como obxectivo 2 instalar en cada aula pantallas interactivas 4k que melloren as condicións de visionado e interacción dos docentes cos materiais multimedia reproducidas nestas. O obxectivo 2 móstrase detallado nas táboas do apartado 3.2.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de equipamento coinciden cos obxectivos 1 e 2 descritos no apartado 3.1 e especificanse en detalle nas táboas que figuran a continuación. Dita especificación é necesaria xa que o equipamento necesario non responde ás categorías xenéricas sinaladas por AMTEGA segundo o Decreto 11/2016, de 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións, enmarcándose na categoría de proxectos específicos ou aulas específicas xa que os softwares necesarios para a docencia e a aprendizaxe requiren para o seu correcto funcionamento unhas características especiais superiores ás do equipamento tradicionalmente proporcionado pola Administración.

A finalidade de dotar o centro co equipamento descrito neste Plan Dixital é mellorar os procesos ensino/aprendizaxe na aula do alumnado e profesorado, así como permitir a realización das tarefas prácticas que demandan os ciclos de imaxe e son impartidos no centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO: Dispositivos dixitais para o aprendizaxe

OBXECTIVO 1:	Dotar dun ordenador por alumno cada aula do centro coas características técnicas que require cada curso co fin de que todos os estudantes poidan realizar de xeito individual as tarefas técnicas que require o seu proceso de aprendizaxe e ademáis que poidan acceder todos ao mesmo tempo á aula virtual do Centro.			Acadado		
RESPONSABLE:	José Ángel Alén			Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de ordenadores por alumno (Nº ordenadores/Nº alumnos x 100)					
Valor de partida	50% (Actualmente hai 10 aulas con 11 ordenadores por aula para os alumnos)					
Valor previsto e data	100%			12/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Dotar de 11 ordenadores a aula de 1º de REALIZACIÓN	· Titor de 1º de REALIZACIÓN · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dotar de 11 ordenadores a aula de 2º de REALIZACIÓN	· Titor de 2º de REALIZACIÓN · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Dotar de 11 ordenadores a aula de 1º de IMAXE	· Titor de 1º de IMAXE · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4:Dotar de 11 ordenadores a aula de 2º de IMAXE	· Titor de 2º de IMAXE · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5:Dotar de 11 ordenadores a aula de 1º de VIDEO DJ	· Titor de 1º de VIDEO DJ · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6:Dotar de 11 ordenadores a aula de 2º de VIDEO DJ	· Titor de 2º de VIDEO DJ · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, tarxeta gráfica dedicada, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7:Dotar de 11 ordenadores a aula de 1º de SON	· Titor de 1º de SON · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.8:Dotar de 11 ordenadores a aula de 2º de SON	· Titor de 2º de SON · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i7, 32 GB Ram, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.9:Dotar de 11 ordenadores a aula de 1º de PRODUCCIÓN	· Titor de 1º de PRODUCCIÓN · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i5, 32 GB Ram,disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.10:Dotar de 11 ordenadores a aula de 2º de PRODUCCIÓN	· Titor de 2º de PRODUCCIÓN · Secretaria	12/06/23	11 ordenadores de sobremesa con pantalla 23" Características: i5, 32 GB Ram, disco duro SSD 1Tb		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO: Dispositivos dixitais para o aprendizaxe							
OBXECTIVO 2:	Dotar dunha pantalla interactiva 4K (con WIFI e soporte de pared) de 75" ou máis a cada aula do centro para que se poidan amosar en perfectas condicións materiais audiovisuais didácticos permitindo ademáis a interacción do docente con ditos materiais a través da pantalla.					Acadado	
RESPONSABLE:	Ignacio Lomba					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de pantallas interactivas por aula (Nº pantallas/Nº aulas x 100)						
Valor de partida:	0% (Actualmente hai 10 aulas e ningunha conta con pantalla interactiva)						
Valor previsto e data:	100%				12/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 1º de REALIZACIÓN	· Titor de 1º de REALIZACIÓN · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 2º de REALIZACIÓN	· Titor de 2º de REALIZACIÓN · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 1º de IMAXE	· Titor de 1º de IMAXE · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO1.4:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 2º de IMAXE	· Titor de 2º de IMAXE · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 1º de VIDEO DJ	· Titor de 1º de VIDEO DJ · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 2º de VIDEO DJ	· Titor de 2º de VIDEO DJ · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 1º de SON	· Titor de 1º de SON · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.8:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 2º de SON	· Titor de 2º de SON · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.9:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 1º de PRODUCCIÓN	· Titor de 1º de PRODUCCIÓN · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.10:Dotar de 1 pantalla interactiva de >75" a aula de 2º de PRODUCCIÓN	· Titor de 2º de PRODUCCIÓN · Secretaria	12/06/23	1 pantalla interactiva 4K de 75" ou máis (con WIFI e soporte de pared)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos estrutúrase en dúas fases:

1. **Fase de Avaliación procesual:** esta realizarase como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
2. **Avaliación final:** unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será levado aos órganos colexiados do centro para a súa exposición e aprobación, Claustro e Consello Escolar.

Unha vez aprobado por ambos órganos colexiados o Plan Dixital será difundido á comunidade educativa a través da páxina web do centro e a aula virtual, permitindo estas a lectura directa e a descarga do documento.